



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORD. UNIV.

I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid, 177- 36214 Vigo. Pontevedra (Spain)

Tífnos.: 886121001 - 886121020- Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL
EUROPEO

CONVOCATORIA MOBILIDADES ERASMUS+ DE ALUMNOS para FORMACIÓN EN EMPRESAS ESTRANXEIRAS

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO E MEDIO (CONSORCIO DEPO) CONVOCATORIA AGOSTO 2022

MOBILIDADES PARA RECÉN TITULADOS

Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto levar a cabo o proceso de selección de alumnado de Formación Profesional de Grao Básico e de Grao Medio dentro do programa Erasmus+ para prácticas curriculares de alumnos recién titulados.

Mobilidades Erasmus+ ofertadas

• 2 bolsas para mobilidades de alumnado de ciclos básicos e medios (mobilidades para recién titulados) que consisten nunha estada formativa ata un máximo de 182 días en empresas estranxeiras

As mobilidades realizaranse a países do programa* Erasmus+. Os destinos máis habituais para estas mobilidades para recién titulados son Portugal, Italia, Malta, Irlanda, Finlandia e Grecia.

Requisitos para participar no proceso

Os requisitos previos para poder participar en dito proceso son:

- Estar matriculado no IES Ricardo Mella no presente curso académico
- Presentación da solicitude no prazo establecido
- Presentarse A TODAS E CADA UNHA DAS FASES DO PROCESO. A non presentación, sen motivo xustifico a unha de elas, conleva a exclusión automática do proceso
- Posuír o nivel suficiente de inglés, ou do idioma do país de acollida, que lle permita un aproveitamento axeitado da mobilidade
- Posuír toda a documentación necesaria para poder viaxar ao estranxeiro

Criterios de selección

Os criterios de selección que se van aplicar ao longo das diferentes fases do proceso serán:

- Adecuación da titulación e do perfil do/a bolseiro/a
- Expediente académico
- Coñecemento de idiomas (titulacións ou proba de inglés)
- Entrevista persoal e méritos

Procedemento de solicitude

O alumnado interesado deberá encher a solicitude de participación que pode descargar da páxina web do centro (Formulario de solicitude) e entregala xunto coa xustificación do nivel de idioma (se posúe algunha) na Conserxería do centro ou á Coordinadora Erasmus.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **31 de agosto de 2022, inclusive**.

*Países do programa Erasmus+: Países da UE e Rep. Macedonia del Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORD. UNIV.

I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid, 177- 36214 Vigo. Pontevedra (Spain)

Tífnos.: 886121001 - 886121020- Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL
EUROPEO

Resolución

Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes, farase pública a listaxe provisional de admitidos no taboleiro e na páxina web do centro no apartado Programas Europeos (ERASMUS), sub-apartado ERASMUS+ G. BÁSICO E G. MEDIO.

Na fase final do proceso o alumnado seleccionado deberá entregar:

- CV Europass en inglés (ou no idioma do país de acollida) indicando os estudos realizados nomeados como se indican nos Suplementos Europass aos títulos de FP (LOE): <https://www.todofp.es/orientacion-profesional/itinerarios-formativos-profesionales/movilidad/que-es-el-suplemento-europass/titulos-loe.html>

- DNI/NIE ou pasaporte en pdf

-Xustificante de conta bancaria

-Copia da tarxeta sanitaria europea

O alumnado finalmente seleccionado terá que ter todos os módulos aprobados (incluído o módulo de FCT) para poder ser beneficiario da mobilidade e realizar antes do inicio da mobilidade unha proba de nivel inicial de idioma na plataforma OLS.

Pagamento das axudas

O alumnado recibirá da Deputación de Pontevedra o 80% do total da contía económica do programa Erasmus+, correspondente ao país destino, antes de iniciar a súa mobilidade e o 20% restante será abonado ao seu regreso cando entregue o Certificado de Asistencia da empresa, envíe un informe con fotos para difusión, realice o test final de idioma na plataforma OLS e encha unha enquisa EU Survey que recibirá no seu correo electrónico.

Contías APROXIMADAS para os destinos máis habituais

Na seguinte táboa poden comprobarse as contías APROXIMADAS para os destinos máis habituais.

DESTINO	DÍAS ESTANCIA	DÍAS VIAXE	DÍAS TOTAIS	VIAXE	AXUDA INDIVIDUAL	TOTAL MOB.
PORTUGAL	152	2	154	180,00	6.398,00	6.578,00
ITALIA	152	2	154	275,00	6.398,00	6.673,00
MALTA	152	2	154	360,00	6.398,00	6.758,00
IRLANDA	152	2	154	275,00	7.364,00	7.639,00
FINLANDIA	152	2	154	530,00	7.364,00	7.894,00
GRECIA	152	2	154	360,00	6.398,00	6.758,00

Situación COVID-19

Debido á situación actual provocada polo COVID-19, a concesión das bolsas queda suxeita á dispoñibilidade de empresas de acollida e á posibilidade de viaxar.

A información relativa a esta convocatoria aparecerá na páxina web do centro, a disposición de todo o alumnado interesado.

A Responsable de Programas Internacionais

*Países do programa Erasmus+: Países da UE e Rep. Macedonia del Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea